

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CIENCIAS APLICADAS Á
ACTIVIDADE PROFESIONAL



DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
CENTRO: IES SANXENXO
CURSO: 2019-2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar correctamente os materiais e os produtos do laboratorio.	CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.
B1.2. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.	CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.
B1.3. Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, na compilación de datos e na análise de resultados.	CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.
B1.4. Aplicar as técnicas e o instrumental axeitado para identificar magnitude.	CAAB1.4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura.
B1.5. Preparar disolucións de diversa índole, utilizando estratexias prácticas.	CAAB1.5.1. Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.
B1.6. Separar os compoñentes dunha mestura utilizando as técnicas instrumentais adecuadas.	CAAB1.6.1. Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto.
B4.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	CAAB4.1.1. Aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou a observación e a argumentación.	CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico. CAAB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: nota resultante de aplicar o 60% á primeira avaliación e o 40% á segunda avaliación. Valoración da participación do alumnado na docencia virtual ao longo do terceiro trimestre.
	Instrumentos: os dous exames realizados na primeira avaliación e o exame realizado na segunda avaliación; revisión da libreta do alumnado nas dúas primeiras avaliacións, entrega de tarefas (tanto nos trimestres presenciais como no trimestre virtual), participación durante o curso (presencial e virtual) e realización de deberes.
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso obterase ao facer o 60% da nota da 1ª avaliación e o 40% da nota da 2ª avaliación (pois esta quedou sen rematar).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Se o alumno acada unha nota igual ou superior a 5 puntos a materia está aprobada. Este resultado poderá incrementarse ata máximo 1 punto en función do traballo realizado polo alumnado durante este terceiro trimestre. - Se o alumno acada unha nota inferior a 5 puntos realizará unha proba online dos contidos suspensos da avaliación ou avaliacións a recuperar. A cualificación final será: <ul style="list-style-type: none"> • Se a nota do exame é maior ou igual a 5 puntos, a súa cualificación final será de 5 puntos. • Se a nota do exame é inferior a 5 puntos, a cualificación será a maior nota entre o exame de recuperación e a nota media da 1ª e 2ª avaliación. <p>A nota final poderá incrementarse ata máximo 1 punto en función do traballo realizado polo alumnado durante este terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Se a situación o permite, realizarase un exame presencial cos contidos mínimos da primeira e segunda avaliación, que contará o 100% da nota.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia ciencias aplicadas pendente, pois é unha materia optativa que soamente se ve en 4ºESO.
	Criterios de cualificación:

	Non hai alumnado coa materia ciencias aplicadas pendente, pois é unha materia optativa que soamente se ve en 4ºESO.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnado coa materia ciencias aplicadas pendente, pois é unha materia optativa que soamente se ve en 4ºESO.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Propóñense actividades de reforzo, ampliación e repaso de contidos. Con certa periodicidade, teñen que entregar algunha tarefa a través da aula virtual no prazo estipulado e non se recollerá ningunha tarefa fora do prazo de entrega (contan cunha semana na maioría dos casos para entregar ditas actividades e son avisados a través dos medios dixitais constantemente).</p> <p>Ademais, aqueles alumnos que teñen algunha avaliación suspensa, ou as dúas, teñen que realizar un boletín de exercicios de cada un dos temas correspondentes.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado debe anotar na libreta os apuntes explicados e realizar tamén no caderno a resolución dos exercicios propostos. Ademais, deben entregar algunhas tarefas propostas a través da aula virtual do centro.</p> <p>Ao inicio, tivemos problema cun alumno que contaba cun acceso limitado a internet polo que nos mantivemos en contacto de forma periódica a través do email. Agora o concello solventouno e todos contan con ordenador e conexión a internet.</p>
Materiais e recursos	<p>Emprégase a aula virtual do centro como medio de comunicación principal, no que se suben os apuntes en formato pdf, diapositivas dos temas, vídeos explicativos realizados polos docentes e algún outro recurso de interese da plataforma.</p> <p>Tamén se lles suben boletíns de exercicios, tanto de reforzo, como de recuperación, repaso e ampliación de contidos.</p> <p>Habilítaselles entrega de tarefas de forma periódica.</p> <p>Estamos en contacto co alumnado a través dos foros de dúbidas habilitados, mensaxería privada interna así como sesións de videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Para informar ao alumnado empréganse as plataformas virtuais que xa se viñan usando ao longo do curso: correo electrónico e servizo de mensaxería ou foro de dúbidas da aula virtual do centro. Tamén se emprega a plataforma CISCO WEBEX en casos puntuais.</p> <p>Para informar ás familias, emprégase o ABALAR MÓVIL e, nalgúns casos moi puntuais nos que carecen de ABALAR MÓVIL, emprégase o correo electrónico.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.